



ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
31.03.2022

LUGAR: Aula 1 do segundo andar do edificio Redeiras, Praza do Berbés, 11, Vigo

DATA: 31.03.2022

HORA DE COMEZO: 11:45

HORA DE REMATE: 14:15

LISTA DE ASISTENTES

Añel Cabanelas, María Elena
Atanes Limia, Xosé Manuel
Blanco Gómez, César
Calviño Rodríguez, Xulio
Castro Mouzo, Mercedes
Cendón Alonso, María Teresa
Crespo Tobío, Silvia
Franco García, José María
García Míguez, María de los Ángeles
Graña Nogueiras, Jesús
Larriba Leira, María Elvira
López Fernández, Yolanda
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Ojea Bouzo, Armando
Ortiz Álvarez, Ana María
Pedrosa Silva, Ernesto
Ramos Vázquez, Antonio
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Souto García, Raquel María
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel

ESCUSARON ASISTENCIA

Fernández Zunzunegui, Emilio
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo
Macho Senra, Antonio
Novoa Rodríguez, María Sol
Sánchez Gándara, Rosa María
Santamaría Conde, Juan José

NON ASISTIRON

Blanco Rial, María Gloria
Cebro Rodríguez, Xoán
Martiño Gómez, Antonio
Pérez Puga, Gerardo Ramón

SECRETARIO

Rodríguez Iglesias, Ignacio



O xoves, 31 de marzo de 2022, ás 11:45 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

- 1.** Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (02.02.2022).
- 2.** Informe do presidente.
- 3.** Informe do Reitor.
- 4.** Presentación das conclusións do estudo, promovido polo Consello Social, sobre o "Impacto económico e social da Universidade de Vigo, dende a demanda e dende a oferta".

Asuntos remitidos polo Consello de Goberno (sesión do 11 de marzo de 2022)

- 5.** Informe que proceda sobre as declaracións de interese de modificación/verificación de títulos de grao, mestrado e doutoramento.
- 6.** Acordo sobre complementos retributivos do persoal laboral, acadado na Mesa de Negociación do PDI.
- 7.** Aprobación, se procede, da adhesión da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo á Confederación de Decanos e Decanas das Facultades de Turismo.
- 8.** Aprobación, se procede, das tarifas de servizos do CINTECX para o ano 2022.
- 9.** Aprobación, se procede, das novas tarifas do Servizo de Bioexperimentación do CINBIO para o ano 2022.
- 10.** Aprobación, se procede, dunha convocatoria extraordinaria de axuda a persoas afectadas polo conflito en Ucraína.

Acordos e propostas da Comisión Económica (reunión do 3 de marzo de 2022)

- 11.** Aprobación, se procede, dos prezos dos complexos residenciais da Universidade de Vigo para o curso 2022/2023, consonte proposta do Consello de Goberno.
- 12.** Liquidación do orzamento da Universidade de Vigo correspondente a 2021, consonte Real Decreto Lei 14/2012.
- 13.** Outros asuntos. Informes de control e seguimento de normativas e regulamentos de xestión de servizos da Universidade de Vigo. Convenios.

Acordos e propostas da Comisión de Actividades e Servizos (reunión do 22 de febreiro de 2022)

- 14.** Aprobación, se procede, da axuda solicitada para elaborar un Barómetro que analice a empregabilidade sostible de estudantes de mestrado da Universidade de Vigo.
- 15.** Aprobación, se procede, da axuda solicitada para a elaboración dunha enquisa sobre a inserción laboral dos titulados en grao e mestrado na Universidade de Vigo, no curso 2018/2019.
- 16.** Aprobación, se procede, da colaboración do Consello Social coas actividades a desenvolver no Campus de Pontevedra.
- 17.** Modificación das normas básicas para axudas do Consello Social. Outros asuntos.
- 18.** Aprobación, se procede, dos prezos aplicables aos estudos propios, para o curso 2022/2023, acollidos ao Regulamento dos Programas de Formación Permanente da Universidade de Vigo.
- 19.** Explicacións sobre o funcionamento e acceso á zona de Documentos da web do Consello Social. Pautas para mellorar a recepción e uso da documentación que se remite para as reunións.
- 20.** Rogos e preguntas.



Entréganse exemplares do facsímile que recolle o último análise sobre o impacto laboral da pandemia nos titulados da Universidade de Vigo, realizado polo Observatorio de Persoas Tituladas; e da publicación do "Barómetro sobre a empregabilidade da Universidade de Vigo" para analizar as expectativas, comportamentos e competencias que buscan os empregadores para contratar, promovidos ámbolos dous polo Consello Social.

O presidente abre a sesión agradecendo a asistencia dos presentes, e de xeito expreso a dos invitados: o vicerreitor da Ordenación Académica, Manuel Ramos (para informar sobre asuntos da súa competencia); Lois Rodríguez, encargado da web (para intervir no punto 19); e os profesores Isabel Diéguez e Andrés Mazaira, para dar conta das conclusións do estudo que se presenta no punto 4. A este respecto anuncia que se tratará este asunto en primeiro lugar, para evitarlle aos autores unha espera innecesaria.

PUNTO 4

Presentación das conclusións do estudo, promovido polo Consello Social, sobre o "Impacto económico e social da Universidade de Vigo, dende a demanda e dende a oferta".

Introduce Ernesto Pedrosa a presentación do estudo subliñando a importancia de cuantificar a contribución e o impacto real da universidade no seu entorno territorial, tanto no conxunto de Galicia como nas economías provinciais nas que se asentan os Campus, e valora especialmente que o traballo poña á institución universitaria en máximos de visibilidade e utilidade ao mesmo tempo que permite dar un gran paso no proceso de rendición de contas á sociedade.

Sinala que se trata do primeiro estudo deste tipo que se realiza no sistema universitario galego, e manifesta que alumará un valor certo pero invisible ata o de agora sobre a importancia e a extraordinaria aportación da Universidade de Vigo. Agradece a Isabel Diéguez e a Andrés Mazaira "a extraordinaria labor feita", e pide que fagan partícipes da felicitación ao resto do equipo.

Agradece Isabel Diéguez a intervención do presidente, e explica de xeito visual e pormenorizado os obxectivos, metodoloxía e datos para a comprensión e contextualización dos resultados, tanto a nivel autonómico como provincial. Andrés Mazaira, tamén mediante gráficas, facilita referencias do impacto a longo prazo, a través do percorrido laboral dos graduados. Valora o elevado nivel de datos do que dispón a Universidade de Vigo e que puideron ser aproveitados para este traballo, e agradece á Xerencia o apoio prestado, e a Luis Espada pola aportación do Observatorio de Persoas Tituladas, e tamén expresamente a David Basalo da Unidade de Análises e Programas pola súa "valiosa e imprescindible" axuda.

Como titulares, e entre outros, Andrés Mazaira apunta que un de cada catro ocupados en Ourense e Pontevedra son egresados da UVigo, e que de non existir a universidade, a porcentaxe de ocupados en ambas provincias caería dez puntos. Pecha a intervención con reflexións e recomendacións sobre posibles medidas a tomar á vista dos datos, por exemplo os que indican que un 28% do alumnado sae de Galicia para estudar un Grao, pero no caso dos Mestrados son máis do 60%.

O presidente comunica que se enviará a todos os membros, tanto asistentes como ausente, o documento-resumo presentado, e que posteriormente será dado a coñecer publicamente a través dos medios de comunicación nos tres Campus, dada a súa relevancia. Reitera Ernesto Pedrosa o agradecemento aos autores pola presentación e a eficacia na resolución do encargo do Consello Social.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (02.02.2022).

- ***Apróbanse por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Menciona Ernesto Pedrosa a documentación que se achega, como é o caso do cadro comparativo do número de reunións e de puntos tratados durante os últimos anos, nos que refire que os acordos do Consello Social rexistrados en 2021 case duplican aos acadados en 2014; e a táboa das axudas concedidas en 2021, cos importes individualizados e os destinatarios. Alude tamén o presidente á notable



acollida das axudas para transporte de estudantes do rural, implantadas no Campus de Ourense, co apoio do Consello Social, que esgotaron as vacantes e deixaron unha longa lista de espera. Aclara que seis de cada dez estudantes do Campus de Ourense proceden de fóra da provincia, cando fai dez anos a situación era á inversa.

Sobre a Orde do día, cita os complementos retributivos que beneficiarán a 800 investigadores da UVigo; o avance de liquidación do orzamento da UVigo en 2021, nun ano no que non se puido dispor do avance de auditoría por un "alargamento indebido" do expediente de contratación do novo equipo auditor; e a actualización e mellora dos procedementos de dixitalización no Consello Social, tanto para acceder á documentación das sesións como para o uso operativo da web.

Finalmente informa da reelección de Antonio Abril como presidente da Conferencia de Consellos Sociais de España, e da publicación dun estudo sobre "*La hoja de ruta para fomentar la cooperación entre universidad, investigación y empresa en España*", coordinado pola OCDE e que está a disposición dos interesados na Secretaría do Consello Social.

Por último, dá a benvida a Antonio Manuel Ramos como representante dos estudantes no Consello Social.

PUNTO 3

Informe do reitor.

Manuel Reigosa abre a súa intervención referíndose á convocatoria de eleccións ao Claustro e á Reitoría, o vindeiro 4 de maio, e a singularidade de que se pode votar "non", dado que só hai unha candidatura, consonte establece a normativa. Dá conta de seguido dunha ampla relación de negociacións, acordos, convenios, visitas importantes, distincións, feitos que considera relevantes, iniciativas a prol do idioma e accións de mérito que destaca, entre elas:

Actividade oficial: acordo básico entre a CRUE e o Consello de Universidades sobre a modificación da Lei da Ciencia e a petición dunha solución transitoria para os contratos de investigación; convenio asinado polas universidades do SUG sobre a validación automática de materias de FP; asinado o Plan de financiamento do SUG; o Consello Galego de Universidades autoriza que a Escola de Estudos Empresariais pase a denominarse Facultade de Comercio; convenio coa EGAP para ofertar cursos gratuítos para o PAS.

Movementos na UVigo: estase a buscar localización na Zona Franca dun espazo para o Laboratorio de comunicacións cuánticas; a Sociedade de bioloxía celebrou o VIII congreso en Vigo; novas instalacións de xeotermia e aerotermia, no Campus de Ourense; a Escola aberta de formación permanente amplía a oferta; curso *eDestrezas*, coa colaboración do Consello Social e o Santander; inaugurado o novo Portal de Emprego da UVigo; convocatoria a estudantes que queiran facer prácticas en concellos rurais; día internacional da muller e a nena na ciencia, coa colaboración do Consello Social; retorno á UVigo do investigador Luis Liz Marzán como Catedrático de Universidade; convenio coa Deputación de Ourense para apoiar a titulación de Turismo.

Iniciativas de alumnos: a asociación CES-UVigo prepara o primeiro barco solar; UVigo Motorsport inicia a fabricación do monopraza autónomo UM22; récord de participación no Foro Tecnolóxico de Emprego, coa colaboración do Consello Social.

Premios e recoñecementos: Ciencias Xurídicas e Traballo crea o premio de investigación xurídica en lingua galega "Xosé Lois Franco Grande"; Elena Ojea, autora principal do capítulo sobre océanos do 6º Informe do IPCC; profesores vigueses, en campañas oceanográficas exitosas na costa de África; Patricio Sánchez, membro do novo *Observatorio de Derechos Humanos de España*; a UVigo posiciónase como a segunda máis transparente de España.

Nomeamentos: novos decanos comisarios en Historia e Dereito; constitución do CETIC e a Mentoría ética que asumirá a profesora M^a José Bravo.

Informa finalmente que a Facultade de Ciencias do Mar quere estar en Vigo, na ETEA, e ese é tamén o desexo de dous mestrados de Bioloxía relacionados co Mar. E remata comunicando que a reforma da LOSU parece estar mellor encamiñada co novo ministro de Universidades.



PUNTO 5

Informe que proceda sobre as declaracións de interese de modificación/verificación de títulos de grao, mestrado e doutoramento.

Intervén o vicerreitor Manuel Ramos para agradecer a invitación ao Pleno e para informar sobre a proposta que se presenta. Cualifica como "importante" o número de titulacións dispostas a preparar a memoria e que solicitan autorización para continuar o proceso, despois do parón pola pandemia os dous últimos anos. Destaca tamén as novas opcións que abren para os estudantes. Resume as pretensións e os obxectivos de cada un dos cinco Graos aclarando que non hai novas propostas porque o mapa está pechado, se ben valora especialmente que Publicidade e Relacións Públicas contemple prácticas en empresas como obrigatorias, e que Turismo introduza unha mención dual e estea a negociar con empresas; sobre Administración e Dirección de Empresas anuncia que queda adiada porque os dous centros que comparten a titulación deben acordar a modificación dos estudos e hai que agardar.

Así mesmo detalla as especificidades das novas propostas e das modificacións tanto dos Mestrados como dos Doutoramentos.

Sobre as novas propostas de Mestrado denominadas G-2030, afirma que haberá casos que cheguen ao curso 2023-2024 e outros non, pero proponse aprobalos todos para que empecen a traballar.

- ***Infórmase favorablemente.***

PUNTO 6

Acordo sobre complementos retributivos do persoal laboral, acadado na Mesa de Negociación do PDI.

Consente a documentación remitida aos membros, o vicerreitor de Ordenación Académica expón tamén este punto que recolle o acordo acadado o pasado mes de novembro, con 13 votos a favor e 2 abstencións, despois de catro meses de negociación.

- ***O Pleno dá a súa conformidade.***

PUNTO 7

Aprobación, se procede, da adhesión da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo á Confederación de Decanos e Decanas das Facultades de Turismo.

Toma a palabra de novo Manuel Ramos para solicitar a aprobación deste punto, por entender que é bo que se estableza un punto de vista común e se avance na cooperación. A Confederación foi constituída recentemente, e o seu obxectivo é dar a coñecer á sociedade os estudos en Turismo, moi afectados pola pandemia e con unha acusada caída do alumnado.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 8

Aprobación, se procede, das tarifas de servizos do CINTECX para o ano 2022.

Vista a documentación na que se recollen os servizos dispoñibles e as distintas unidades que os ofertan, así como a condición de usuario da UVigo, doutros centros públicos de investigación, ou ben de empresas e centros de investigación privados.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 9

Aprobación, se procede, das novas tarifas do Servizo de Bioexperimentación do CINBIO para o ano 2022.

Puntualiza o vicerreitor de Economía, José María Martín Moreno, que se trata de actualizar a tarifa B que se aplica ás solicitudes de servizo que teñen que ser facturadas aos usuarios doutros organismos públicos de investigación, de asociacións ou fundacións sen ánimo de lucro ou que están constituídas ou participadas por un organismo público de investigación, de empresas que posúan unha cátedra de colaboración coa UVigo, ou usuarios de entidades coas que a UVigo asinase un convenio de colaboración.

- ***Apróbase por asentimento.***



PUNTO 10

Aprobación, se procede, dunha convocatoria extraordinaria de axuda a persoas afectadas polo conflito en Ucraína.

O vicerreitor Martín Moreno remarca que se trata da convocatoria extraordinaria "UVigo-Refuxio", cunha dotación económica de 90.000 €, para que persoas afectadas polo conflito de Ucraína ou demandantes de protección internacional de calquera procedencia poidan ingresar na UVigo e acceder ás axudas que só están autorizadas a alumnos ou egresados da UVigo. Indica o secretario, Ignacio Rodríguez, que o que se somete a aprobación non é a convocatoria senón a autorización, dunha parte, da aplicación da excepcionalidade ao disposto no artigo 35 das normas de execución, que non permite conceder axudas a estudantes que non son da universidade; e doutra, dunha nova reserva de crédito para unha liña de concesión directa de bolsas de manutención ("living expenses"), que se activaría ata esgotar a dispoñibilidade.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

Juan Manuel Vieites presenta o bloque de asuntos tratados na Comisión Económica que preside, deixando constancia da importancia do que atangue á liquidación provisional da conta 2021 da UVigo por se o Consello Social tivera que intervir no caso de que o remanente fose negativo. Neste senso salienta que nos últimos anos a Comisión dispuña dun avance de auditoría, que nesta ocasión non se puido facer polo retraso co que o Servizo competente está a tramitar o expediente de contratación do novo equipo auditor, polo que se solicitou unha carta firmada polo vicerreitor de Economía (que figura na documentación remitida neste punto) acreditando que a UVigo presenta un resultado orzamentario axustado positivo, ao igual que un remanente de Tesouraría positivo ao peche do exercicio 2021.

Respecto dos temas que aparecen no punto 13 reflexiona Vieites Baptista de Sousa que, pese a non requirir aprobación do pleno, son relevantes, porque reflicten o seguimento do Consello Social sobre cuestións da súa competencia e que requiren estar pendentes de xeito periódico da súa evolución. Engade que a información solicitada polo Consello Social e remitida pola universidade conforma unha opinión necesaria e valiosa sobre asuntos que, non sendo do día a día, revelan o proceder e as relacións da institución universitario co seu entorno.

PUNTO 11

Aprobación, se procede, dos prezos dos complexos residenciais da Universidade de Vigo para o curso 2022/2023, consonte proposta do Consello de Goberno.

Ponse de manifesto que se seguirá sen cobrar a matrícula e que se propón manter os prezos actuais con incremento do IPC.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 12

Liquidación do orzamento da Universidade de Vigo correspondente a 2021, consonte Real Decreto Lei 14/2012.

Lembra o vicerreitor de Economía, José María Martín Moreno a obriga de confeccionar a liquidación do orzamento antes do primeiro de marzo do exercicio seguinte, para que o Consello Social dispoña da información e actúe en consecuencia. Fai un resumo por capítulos e partidas, como xa fixera na Comisión e explica a situación e as operacións tanto levadas a cabo como pendentes, e as cifras do peche que "manteñen a senda de superávit" e confirman que os gastos da UVigo "seguen baixo control". Presenta certificación que acredita que o resultado orzamentario axustado positivo é de 3.682.498 €, e que así mesmo o remanente de Tesouraría ao peche do exercicio 2021 é positivo e acada a cifra de 5.962.208 €.

- ***O Pleno dá a súa conformidade.***



PUNTO 13

Outros asuntos. Informes de control e seguimento de normativas e regulamentos de xestión de servizos da Universidade de Vigo. Convenios.

Reitera Juan Manuel Vieites o dito na presentación, e indica que a documentación dos asuntos recollidos neste punto está na Secretaría a disposición de quen teña un maior interese.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 14

Aprobación, se procede, da axuda solicitada para elaborar un Barómetro que analice a empregabilidade sostible de estudantes de mestrado da Universidade de Vigo.

O presidente dá lectura ao resumo de acordos da Comisión entregado dentro do punto 17, no que se define como obxectivo deste estudo, que dirixen as profesoras Gloria Caballero e María Jesús López, coñecer a perspectiva dos estudantes dos mestrados profesionalizantes que se imparten nos Campus da UVigo en materia de empregabilidade sostible, no curso 2021-22, tendo en conta que a empregabilidade tradicional está a ser superada por novas dimensións que incorporan a saúde, a satisfacción co traballo ou a motivación, entre outras, dando forma á chamada empregabilidade sostible. Ernesto Pedrosa propón unha axuda de 8.200 € para a elaboración, e 2.800 € para a recollida de datos. Valorarase no seu momento a posible edición, por un importe máximo de 1.000 €. Sinala finalmente que con este traballo porase fin á secuencia de esta liña de traballos efectuados nos últimos exercicios polo Barómetro.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 15

Aprobación, se procede, da axuda solicitada para a elaboración dunha enquisa sobre a inserción laboral dos titulados en grao e mestrado na Universidade de Vigo, no curso 2018/2019.

Do mesmo resumo dos acordos extrae o presidente a petición da Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria de facer este estudo, para dar resposta aos requirimentos sobre inserción laboral demandados polo QS Graduate Employability Ranking 2023, unha das clasificacións universitarias internacionais de maior prestixio. Dispor desta información permitirá unha mellora do posicionamento da UVigo. O traballo comprende aos egresados en estudos de Grao e Mestrado da promoción 2018/19, e será realizado polo Observatorio de Persoas Tituladas, sendo o importe da axuda solicitada de 8.000 €.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 16

Aprobación, se procede, da colaboración do Consello Social coas actividades a desenvolver no Campus de Pontevedra.

Ernesto Pedrosa pon o acento na colaboración transversal en distintas actividades de tipo cultural, ambiental ou artísticas que unirán á Vicerreitoría e ao Consello Social nunha programación que ten como obxectivo dar novo pulo ao Campus Crea, nunha experiencia práctica que no anterior exercicio deu excelentes resultados. Unha das iniciativas máis destacadas será a Semana da Creatividade e a Innovación, conectadas coas esixencias sociais. Aspectos tamén relevantes desenvólvense na investigación, no achegamento ás empresas e ás experiencias de innovación nos oficios tradicionais, entre outras accións. A iniciativa cuantifícase nun importe de 14.350 €.

- ***Apróbase por asentimento.***



PUNTO 17

Modificación das normas básicas para axudas do Consello Social. Outros asuntos.

Subliña o presidente que coa modificación que se propón nas normas trátase de garantir e mellorar a presenza da imaxe do Consello Social nas actividades e iniciativas nas que colabora, actualizando as condicións e requisitos esixidos e que datan xa de 2016. Os asistentes toman coñecemento do resto dos asuntos tratados na Comisión a través do resumo de acordos que se lles remitiu na documentación deste punto.

- ***O Pleno dá a súa conformidade.***

PUNTO 18

Aprobación, se procede, dos prezos aplicables aos estudos propios, para o curso 2022/2023, acollidos ao Regulamento dos Programas de Formación Permanente da Universidade de Vigo.

A Comisión de Estudos Propios remite a proposta de prezos dos títulos propios de mais de 15 ECTS para o primeiro cuatrimestre do curso 2022/2023. Respecto dos prezos en vigor no presente curso, a nova proposta presenta varias diferencias, entre outras: as tarifas con redución deben aplicarse sempre, aínda que non se propoñan os prezos máximos por crédito; engadese unha redución do 15% para as persoas con discapacidade recoñecida de polo menos o 33%; propónse unha tarifa mínima para calquera título, exceptuando os MOOC, para evitar cursos gratuítos que non repercutan nos orzamentos xerais da universidade.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 19

Explicacións sobre o funcionamento e acceso á zona de Documentos da web do Consello Social. Pautas para mellorar a recepción e uso da documentación que se remite para as reunións.

Trala detección dalgúns problemas coa descarga e visualización da documentación previa que se remite aos membros para as reunións, dende a Secretaría do Consello Social decidiuse planificar accións para solucionarlos en colaboración co responsable da web. Neste senso propónse a implementación na web dunha zona privada, accesible con identificador e clave simplificados ao máximo, onde se irá localizando a documentación previa a cada convocatoria e crearase un repositorio de toda a documentación e histórico dende 2018. Ao mesmo tempo revísase o modelo de arquivo da documentación enviada, solucionando o problema que xeran as carpetas de Adobe Acrobat e creando un protocolo para que os documentos que reciben os membros non teñan problemas de visualización e manexo.

O responsable da web, Lois Rodríguez, explica mediante gráficas os pasos a seguir, un por un, e a navegación e opcións ante cada pantalla, e aclara as dúbidas e preguntas dos asistentes.

Na mesma sesión faise entrega aos presentes dunha copia impresa da presentación e das credenciais, que se remite ao resto dos membros por e-mail.

Agradece o presidente as solucións aportadas e as explicacións de Lois Rodríguez, na confianza de que resolverán as dificultades que se estaban a producir, ademais de actualizar e fortalecer as capacidades dixitais do Consello Social.

PUNTO 20

Rogos e preguntas.

Elena Añel interesa saber como se está a aplicar na Universidade de Vigo a Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resposta a xerente, Raquel Souto, que con respecto ao persoal de administración e servizos, xa está publicada en decembro de 2021 a oferta de emprego público no que se refire ás prazas de estabilización, e agora estanse analizando, en aplicación da Lei, cales se ofertarán por concurso ou por concurso-oposición, e negociaranse os procedementos coa parte social.



O vicerreitor Manuel Ramos engade que no caso do PDI non hai ninguén afectado. Terza o reitor para afirmar que se van a cubrir todas as prazas, e que no caso do PAS a situación do persoal non estabilizado é moito mellor que noutras universidades, aínda que se aproveitará a lei para avanzar máis.

Xosé M. Atanes expón a conveniencia de ampliar prazas nas residencias públicas universitarias, para compensar a falta de vivenda -que cualifica de problema serio- e favorecer a chegada de alumnado. Así mesmo pregunta polas causas da baixa implicación na política universitaria e para asumir cargos, vista a falta de candidatos a decanos en varios centros.

Resposta Manuel Reigosa que, no primeiro dos casos, a xestión privada das residencias dificulta buscar solucións nesa dirección, e engade que tampouco os estudantes o piden porque o aluguer vai solucionando a demanda.

No segundo caso, o Reitor reflexiona sobre a influencia disuasoria que podería ter a peculiaridade de que na UVigo calquera persoa candidata debe acadar máis votos positivos que negativos; e apunta tamén que a pandemia influíu porque ocasionou certo desánimo sociolóxico xeral e fixo as cousas máis difíciles ao comportar maior esixencia no traballo. Reigosa pensa, en todo caso, que se trata dun momento pasaxeiro de excepcionalidade, e confía en que retorne o interese por participar, polo que se declara optimista.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:15 horas do 31 de marzo de 2022, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e Pr.,
O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias